

## INFORMACIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DOS ACORDOS DE ATENCIÓN PRIMARIA (DOG 16 XUÑO 2008) 30 de marzo de 2009

O luns 30 de marzo de 2009 a Comisión de Seguimento dos acordos de atención primaria celebrou a reunión que estaba comprometida para a segunda quincena de xaneiro, a anterior fixérase o día 17 de decembro do 2008.

Na reunión estaba presente a Dirección de RR.HH do SERGAS e as OO.SS. asinantes: CIG, CC.OO. SATSE e UGT. Non estaban presentes as Xerencias de Atención Primaria.

O SERGAS propón ao inicio da xuntanza (fora unha demanda previa da CIG) deixar constancia por escrito dos acordos adoptados na última reunión feita o día 17 de decembro, presentando un borrador que, despois das modificacións de texto propostas por CIG, é aceptado definitivamente por unanimidade:

1.- Persoal que como consecuencia dos concurso de traslados ou OPE, se teña incorporado ás unidades do ámbito dun PAC no que non tivo a posibilidade de optar pola prestación voluntaria: as xerencias posibilitaranlle a presentación da opción de voluntariedade nos correspondentes modelos, sempre que existan horas dispoñibles non cubertas (as comisións de centro trataran a súa aplicación)

2.- O incentivo retributivo a voluntariedade (2009) aplicarase a mesma cantidade do ano 2008 co mesmo sistema de pagamento en dous prazos.

3.- Como criterio básico para a realización da xornada obrigatoria, en atención ao principio de equidade, elaboraranse listaxes para chamamentos nos que figurará todo o persoal médico de familia e incluírán tamén aos pediatras que teñan optado pola prestación voluntaria, nas listaxes figurarán os excluídos da realización de xornada obrigatoria polas causas previstas na normativa vixente (A aplicación será tratada nas comisións de centro).

4.- Complemento de intersubstitución

A súa aplicación terá efectos retroactivos para ás intersubstitucións realizadas dende o día 1 de decembro 2007.

a) Persoal pediatra, odontólogo e fisioterapeuta: como fórmula substitutiva das retribucións capitativas aplicadas no complemento de intersubstitución, manterase vixente para o persoal pediatra, odontólogo e fisioterapeuta o sistema aplicado trala Instrución 3/2006, do 21 de marzo (DOG do 26 de abril). A contía complementarase coa mellora incorporada ao acordo do 4 de abril (porcentaxe de determinados conceptos retributivos de percepción xeral; pax 11.502 DOG).

b) persoal DUE: cando proceda o pagamento do complemento de intersubstitución, prescindirase totalmente do elemento "salto de tramo"; desta forma teranse en conta para o reparto a totalidade das contías percibidas polo ausente polas modalidades A a G do factor fixo de produtividade (as que sexan aplicables ao persoal DUE). A contía complementarase coa mellora incorporada ao acordo do 4 de abril (porcentaxe de determinados conceptos retributivos de percepción xeral; pax 11.502 DOG).

Estas medidas sobre as contías do complemento de intersubstitución vinculadas a elementos capitativos terán carácter transitorio, en atención ao previsto na disposición adicional do acordo do 4 de abril:

"Na comisión de seguimento do Acordo analizaranse as adaptacións técnicas que, de ser o caso, resulte preciso realizar no complemento de intersubstitución pola entrada en vigor do réxime retributivo axustado a número de TIS asignadas."

O pago deste concepto será a partires do mes de abril, iniciárase co pago da regularización dos atrasos e despois procederase, cando corresponda, a liquidación mensual. O día 1 de abril enviaranse ás xerencias intrusións + aplicativo informático.

## **A reunión continua coas demandas formuladas por CIG previamente:**

### ➤ **Xornada persoal de PACS: aplicativo informático:**

Recoñecen erros no aplicativo deseñado, e despois de manter xuntanzas coas distintas xerencias, propoñen un novo que empezará a funcionar a partires do día 1 de abril. No novo aplicativo as distintas xerencias teñen mais flexibilidade na súa concreción, para que cada unha o faga efectivo adaptándoo as súas necesidades.

1. O persoal de PAC que non faga xornada complementaria pode pedir a regularización da súa xornada ordinaria ao final do ano.
2. O persoal que faga xornada ordinaria + complementaria pode ter liquidacións de xornada mensuais e axustes trimestrais ou cuatrimestrais, para compensar as posibles desviacións e non acumulalas para final de ano. O aplicativo por defecto liquida xornada a partires de 140 horas/mes (pódese modificar polas xerencias dende un abano de 130 ata 150).
3. A liquidación da xornada complementaria excepcional (+ de 2090 Horas) farase ao rematar o ano (xaneiro do ano seguinte).
4. A liquidación de xornada de persoal eventual, contratos temporais de PAC, ano 2008 estará dispoñible a partires do 20 de abril e pagar coa nómina de maio cando proceda.

Como CIG, insistimos en diferenciar a xornada ordinaria da xornada complementaria na elaboración das quendas, e so retribuír a maiores a xornada complementaria a mes vencido (A Administración refire que moitos calendarios están elaborados mixturando a xornada, e que foron as propias xerencias as que demandaron e propuxeron esta nova ferramenta informática) Tamén denunciámos os erros no sistema cando se disfrutaban permisos regulamentarios co calculo de xornada aplicado, quedando en revisalo.

### ➤ **Pago prorrateo de atención continuada en vacacións**

O aplicativo informático esta dispoñible para que se abonen as retribucións de atención continuada no mes de vacacións (prorrateo dos pluses de nocturnidade, festividade, prefestivos, ...) e comentan que varias xerencias xa o fixeron efectivo, e que si detectamos xerencias que non o pagarán, facelo chegar por escrito a RR.HH. para que procedan a poñerse en contacto coas xerencias co obxectivo de solucionar o erro.

### ➤ **Pago retributivo dos días de especial significación.**

Recoñecen o erro na interpretación da formula empregada para proceder a liquidación dos días de especial significación, e, para corríxilo, propoñen aplicar dende a vixencia do acordo (día 1 de xaneiro do 2008) o réxime retributivo do valor modulo €/hora de garda, para médicos + enfermaría (a mesma formula empregada nos acordos do ano 2005, cos valores actuais). Se trasladará a decisión as xerencias para proceder a abonar as diferenzas é corríxir os desaxustes.

**CIG-Saúde propón elaborar, a maior brevidade posíbel, un “acta de acordo” para asinar polo SERGAS e as OO.SS, cos contidos dos acordos acadados nas reunións do día 17 de decembro de 2008 e o 30 de marzo de 2009.**

A maiores plantexaronse demandas a administración de varios temas pendentes:

- Datos do estudio feito polo SERGAS para adaptación a TIS dos distintos profesionais é colectivos.
- Informe xurídico APD (segundo RR.HH. o seu réxime xurídico imposibilita a posibilidade de pago pola realización de xornada complementaria). Débense buscar formulas alternativas de retribución: complementos de estatuarios e retribucións básicas de funcionarios?, Prezo hora de garda por coeficiente do número total de cartillas adscritas ao PAC?, Programas funcionais específicos?.
- Datos da aplicación da voluntariedade e pagos retributivos efectuados.
- Sábados en Atención primaria: cantos centros concentraron a súa actividade para diminuír presenzas.
- Número de Celadores de Pac que realizan funcións de PSX.
- Demanda dun seguro colectivo do SERGAS para dar cobertura aos riscos da utilización do vehículo propio en atención a domicilio durante a xornada laboral (ex.: Castela-León)
- Datos de execución dos acordos.

O SERGAS toma nota, e contestara nunha vindeira reunión.

Compostela, 30 de marzo de 2009